

# Proposta de acto simbólico **DENIP 2009**

Con este acto queremos denunciar a situación de desprotección da poboación civil de moitos países en conflito e o noso desexo de que esta situación se acabe.

**Quén participa:** Toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais e nais, persoal non docente...)

**Ónde:** Patio do centro, polideportivo ou espazo público (praza, rúa)


**Cándo:** Venres 30 de Xaneiro de 2009

## **Cómo: Preparación**

1. Durante os días previos, dedícase algún tempo a traballar o tema da creación dunha cultura de paz (ver materiais propostos) e, especialmente, a situación de desprotección da poboación civil en países en conflito.

2. **Cada aula selecciona un breve testemuño ou unha historia** (pódese encontrar en Internet ou nos materiais que ofrecemos) de persoas anónimas que viron obrigadas a abandonar os seus fogares ou que viven en situación de alto risco e desprotección por causa de conflitos armados en moitos países. (República Democrática do Congo, Chechenia, Colombia, Chad, Sudán, Indonesia, Sri Lanka...)

3. Distribuirase unha cartolina de cor laranxa a todos os alumnos e alumnas, na cal se escribirá, nun círculo grande, o seguinte contido:



Eu \_\_\_\_\_ (nome de  
alumno/a, profesor/a)

Levántome por (nome  
e breve testemuño da persoa  
escollida)

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Cada aula escolle un alumno o alumna que representará o testemuño que escolleron.

4. Tamén realizaremos diferentes **carteis con frases** que expresen o noso compromiso por crear unha cultura de paz e **pancartas cos testemuños** de persoas que sofren desprotección en situacións de violencia.

5. (**MANIFESTO**) pode ser elaborado por unha pequena comisión de alumnos e alumnas ou utilizar o que ofrecemos. Se se realizar no centro, estes poden ser algúns puntos:

- A construción cotiá da paz.
- A existencia de distintos tipos de violencia, máis alén dos conflitos armados.
- A presenza da violencia e a súa inutilidade para a resolución dos conflitos.
- A situación de inxustiza e desamparo por parte das autoridades na que viven millóns de persoas debido aos conflitos.
- Co compromiso de todos pola paz é posible mudar o mundo.

6. Necesitaremos un grande espazo onde todo o alumnado e os e as docentes poidan formar un gran círculo. Se non tivermos este espazo, podemos facer dous círculos concéntricos pegados o un ao outro. O espazo interior será utilizado polos nenos e nenas (un por aula) que simbolicen a poboación civil que vive en situacións de desprotección.

7. **Megafonía:** música de SKA-P "El niño soldado" <http://es.youtube.com/watch?v=Q-lv7JqITjw>

---

### **Desenvolvemento do acto simbólico:**

1. Por aulas, reunímonos no lugar acordado e sentamos **todos e todas** formando un gran círculo e deixando o espazo interior baleiro.
2. Iníciase o acto cunha breve introdución sobre o DENIP e o sentido que ten celebralo xunto aos millares de persoas que en todo o mundo se mobilizan neste día pola paz.
3. Todos permanecen sentados e, por orde, cada aula vai erguéndose. **O alumno ou alumna** que escolleron para representalos **vai lendo o testemuño mentres penetra no círculo onde sentará ao finalizar a lectura. O resto, á súa vez, érguense**, sen se mover do seu sitio, **e colocan a cartolina laranxa na cabeza.**
4. Unha vez lidos todos os testemuños, realízase unha lectura conxunta do manifesto. Entre tanto, un alumno ou alumna por aula acércase a un dos que están sentados no interior del círculo, dálle unha cartolina laranxa e incorpóroa ao círculo, simbolizando o noso desexo de que todos teñamos o mesmo dereito á protección.
5. Volven todos os grupos ás súas aulas, mentres soa de fondo a música de SKA-P.



[Por un mañá máis seguro. Protexer os civís nun mundo multipolar]

*(Extraído do relatorio do mesmo título elaborado por Intermón Oxfam e presentado o 30/09/08.)*

As grandes mudanzas xeopolíticas actuais ofrecen unha nova oportunidade para protexer a poboación civil do xenocidio e doutras atrocidades, a gran materia pendente dos gobernos e institucións internacionais. Por un mañá máis seguro é un relatorio baseado nos máis de 60 anos de experiencia de Oxfam Internacional dando resposta aos principais conflitos mundiais. O estudo establece unha axenda de accións locais, nacionais e internacionais para que a protección da poboación civil sexa unha realidade.

.....

Unha noite de Marzo de 2007 chegaron os soldados á aldea de Buramba, na República Democrática do Congo (RDC). Cando marcharon, deixaron tras de si polo menos 15 mortos.

*“Ás 5.30 da mañá’, dixo un supervivente, ‘vinos chegar á nosa casa... Deitaron a porta abaixo, e, unha vez dentro, mataron oito persoas. Só sobreviviron meus catro netos. Continuaron a disparar pola aldea. Refuxieime entre o mato. Cando regresei tres días despois, encontrei os corpos de meus fillos e de miña nai. Estaban nos retretes; puider ver os pés de miña nai sobresaíndo.”*

O importante desta historia non é que sexa aterradora, senón que en moitos lugares do mundo non é algo excepcional. na RDC, despois de estes feitos a violencia foi en aumento, obrigando máis persoas a fuxiren das súas casas e ocasionando case 1.500 mortos diarios. Aínda que ningún outro conflito causa este índice de mortalidade, os membros de Oxfam Internacional escoitan cada día de homes e mulleres historias similares de morte, violación e desprazamentos, de Colombia a Sudán. Decorreron 60 anos desde que os principais Convenios de Xenebra consagrasen o dereito dos civís a seren protexidos, mais este dereito víólase en cada conflito. Son moitas as persoas que se compadecen de quen sofren estas atrocidades, mais se senten impotentes. Moitos gobernos senten o mesmo, pensan que pouco se pode facer, mais erran.



Máis dunha semana despois de que fose atacada en Novembro de 2005, a aldea de Tama en Darfur continuaba a arder.

Algúns actores estatais e non estatais deciden matar civís ou aplican estratexias nas que é moi probable que morran civís. Algúns gobernos deciden protexer os seus cidadáns: manter a súa seguraza. Outros non protexen toda a poboación, ou non o suficiente. Hai, porén, exemplos de protección de civís que mostran o que os gobernos e outros actores poden facer se así o deciden. Convenlles facelo, porque as atrocidades en masa avivan os conflitos que, nun mundo interdependente, xeran ameazas para a seguridade que non é posible conter. E un número crecente de gobernos ten ademais un 'interese moral', porque os seus electores esperan que contribúan para previr as atrocidades que se retransmiten por todo o mundo grazas ás modernas tecnoloxías da información, non que se limiten só a condenalas.

Os gobernos e outros actores poden reducir as atrocidades en masa que asolan o mundo nos comezos do século XXI. Para iso, teñen que realizar catro mudanzas. Deben:

- Facer da protección dos civís a prioridade absoluta na resposta aos conflitos en calquera lugar, traballando activamente para protexelos e mantendo como pedra angular da súa política a **responsabilidade de protexer** os civís das atrocidades en masa, acordada en 2005 no Cumio Mundial das Nacións Unidas.
- Adoptar unha tolerancia cero para os crimes de guerra –xa se cometan en actuacións contra o terrorismo ou en calquera outra circunstancia– aplicando o mesmo estándar de rexeitamento internacional aos crimes de guerra cometidos por amigos ou por inimigos.
- Actuar con moita máis rapidez para facer fronte ás tendencias que ameazan con novos conflitos ou con prolongar os xa existentes –incluíndo a pobreza e a desigualdade, a mudanza climática e a proliferación de armamento– de forma que poidamos mellorar tanto na prevención como na reacción perante os conflitos.
- Xuntar actuacións eficaces a todos os niveis, desde as comunidades locais ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas, para que se actúe internacionalmente de forma aliñada co traballo no terreo. Para conseguilo, debe reformarse con urxencia o funcionamento do Consello de Seguridade dotándoo dunha maior transparencia e de mecanismos de prestación de contas, de maneira que os membros do Consello teñan que dar contas da súa actuación en prol da paz e a seguridade internacional, incluíndo a súa responsabilidade de protexer os civís das atrocidades en masa. Todos os membros permanentes do Consello de Seguridade deben renunciar ao uso do veto na discusión de situacións relacionadas con crimes de guerra en curso ou incipientes, crimes contra a Humanidade, limpeza étnica e xenocidio.

.....

## **Por que protexer os civís?**

Débese protexer os civís porque é o correcto, e porque redunda no interese da gran maioría.

En primeiro lugar, o argumento moral é simple. Toda persoa ten dereito a ser protexida do asasinato, a violación e o desprazamento forzado. Hai 60 anos, en Decembro de 1948, a Declaración Universal de Dereitos Humanos prometía a todos o dereito 'á vida, á liberdade e á seguridade', o dereito a vivir libre do medo e da miseria. Porén, en 2008, para millóns de persoas é unha promesa incumprida.

En breve fará tamén 60 anos desde que se aprobaron os Convenios de Xenebra de 1949, a pedra angular do dereito humanitario internacional. Esta lexislación non só prohibía a violencia deliberada contra os civís, senón que tamén convertía en ilegal calquera tipo de violencia que tivese un impacto desproporcionado sobre os civís con respecto aos fins militares das partes en loita.

Con posterioridade, no Cumio Mundial das Nacións Unidas de 2005 os gobernos fixeron a reafirmación máis importante daqueles principios básicos. Case todos os gobernos acordaron a súa 'responsabilidade de protexer' ás súas poboacións do xenocidio, os crimes de guerra, a limpeza étnica e os crimes contra a Humanidade. Acordaron tamén que a comunidade internacional ten a responsabilidade de contribuír para ese obxectivo. Os gobernos do mundo dixeran 'nunca máis' despois do Holocausto, de Ruanda e de Srebrenica. Visto o enorme sufrimento de civís nos primeiros anos de guerra no Iraq e Darfur, era o momento de tentalo de novo.

## Testemuños

Páxina web IO emerxencias:

<http://www.intermonoxfam.org/es/paxe.asp?id=817>

Darfur:

<http://www.intermonoxfam.org/es/paxe.asp?id=2451&idioma=1>

Gaza

<http://www.intermonoxfam.org/es/paxe.asp?id=2871>

Líbano (testemuños persoal humanitario):

<http://www.intermonoxfam.org/es/paxe.asp?id=2561>

Páxina web IO conflitos e acción humanitaria (relatorios):

<http://www.intermonoxfam.org/es/paxe.asp?id=401>

## Notas de prensa

29 de Outubro de 2008

### Unha nova vaga de combates causa un alude de desprazados no Congo

#### Millares de persoas inundan a estrada de Goma tentando escapar do aumento da violencia na República Democrática do Congo

---

Unha nova vaga de violencia no leste da República Democrática do Congo causou o desprazamento de millares de persoas, alertou hoxe Oxfam Internacional (Intermón Oxfam en España), que pide á comunidade internacional unha acción urxente que tire á rexión do borde do abismo.

Segundo as últimas informacións, o luns 20.000 persoas deixaron a zona de Kibumba, no norte de Goma. Destas, 4.000 encóntranse nun campamento improvisado en Kibati, nos arrabaldes de Goma, case sen axuda humanitaria. Ademais, un numero aínda descoñecido de habitantes das vilas no norte de Kibumba tamén partiran, mais en dirección a Rutshuru. Desde Agosto, unhas 200.000 persoas foron obrigadas a abandonar os seus fogares debido aos combates entre o Congreso Nacional para a Defensa do Pobo (CNDP) de Laurent Nkunda e o exército congolés.

“A estrada a Goma está anegada por unha multitude de homes, mulleres e crianzas que fuxiron na procura de refuxio nos campos xa repletos que existen na cidade. Moitas persoas vense forzadas a durmir á intemperie por falta de abrigo. O numero de persoas que chegan disparouse. Estas persoas necesitan axuda urxente. Ademais, é probable que o fluxo de desprazados mesmo aumente nos próximos días, xa que non hai sinais de que vaian cesar os combates”, explicou Consuelo López-Zuriaga, portavoz de Intermón Oxfam.

Oxfam Internacional garante auga potable e sistemas de saneamento nos campos nos arredores de Goma e está a alargar as súas actividades para responder á vaga de recentemente chegados. Estímase que nos últimos dous meses unhas 15.000 persoas buscaron refuxio nos campos situados fóra de Goma. Oxfam Internacional ten tamén en marcha a elaboración dun plano de distribución de auga e saneamento para un novo campo que deberá abrir na cidade no caso de que a situación continúe a se deteriorar.

Á parte da resposta humanitaria, Oxfam Internacional pide á comunidade internacional que aplique medidas de presión urxentes que impidan a escalada da violencia.

“O acordo de paz –que se asinou en Xaneiro– alimentou as esperanzas de paz na rexión. O mundo non debe encoller os ombros mentres iso se derruba. A escalada da violencia non traerá máis que sufrimento e miseria engadidos a persoas que xa viven no borde do abismo. O mundo debe actuar de inmediato e exixir un cesar fogo e solucións para a crise antes de que sexa demasiado tarde”, engadiu López-Zuriaga.

12 de Novembro de 2008

## Aumentan as violacións, traballos forzados e agresións entre a poboación do Congo

### Non hai lugar onde escapar da brutal violencia que continúa a solar o país

---

Un brutal incremento de agresións, violacións e traballos forzados está a ter lugar no Congo, perpetrados por grupos de homes armados de distintas faccións contra a poboación que fuxiu da intensa violencia que azouta o Norte de Kivu, segundo a avaliación levada a cabo polos equipos de Oxfam Internacional (Intermón Oxfam en España) no país.

A visita aos campos e comunidades de Kivati, xusto ao Norte de Goma; Sake e Minova, ao Sur de Goma e Kanyabayonga, ao Norte de Rutshuru, levada a cabo pola organización, constatou como millares de civís que fuxiran do epicentro do conflito están a se de novo vítimas brutais da violencia. nos campos do norte de North Kivu, denunciáronse violacións, obrigación a realizar traballos forzados baixo a ameaza das armas, e recrutamento de crianzas por parte dos grupos armados.

"Algunhas persoas dinnos que isto é o inferno, outros, que a súa vida xa non ten ningún valor. O mundo necesita mostrarlles que iso non é verdade, redobrando os seus esforzos para conseguir un cesar fogo e fornecendo de forma inmediata un apoio adicional ás forzas de paz das Nacións Unidas. Está claro que centos de millares de persoas no leste do Congo non están a recibir a protección que tan desesperadamente necesitan", declarou José Luis García Barahona, portavoz de Intermón Oxfam.

- En Kanyabayonga un número crecente de homes armados están a causar estragos na poboación. As forzas armadas rouban diñeiro, comida e mesmo colectores de auga. Os centros médicos trataron máis de 66 casos de mulleres violadas durante a última semana, mais o número real pode ser moito maior debido a que non todas son rexistradas.
- Na zona de Kibati, e aínda máis ao Sur, cara Sake e Minova, o traballo forzado e a violencia sexual están a asolar as comunidades, onde os seus residentes se ven forzados a carrexar auga e madeira para os homes armados. Nun campo, os grupos armados roubaron todas as lonas de plástico que servían de refuxio aos residentes.
- As crianzas están a chegar soas aos campos e comunidades, despois de se separaren das súas familias durante a fuxida, converténdose en presas fáciles para os grupos armados. Segundo denunciaron organizacións de axuda á infancia, na cidade de Rutshuru, a semana pasada as forzas armadas recrutaron 37 crianzas.

"Non hai onde escapar da brutal violencia que está a ter lugar no Leste do Congo. Mesmo os lugares nos que a xente se refuxiara están a ser atacados. Co aumento de agresións e violacións, a prioridade da poboación é a seguranza", dixo José Luis García Barahona.

Oxfam fai un chamamento para que se apoie de forma inmediata a forza de paz das Nacións Unidas na zona, MONUC, co obxectivo de axudar a deter a violencia, prover seguridade e protección aos civís e permitir o labor das axencias humanitarias. Segundo constata Oxfam Internacional, as forzas de paz están a realizar enormes esforzos para conseguir manter a salvo a poboación do Congo.

A realocalización de tropas doutras rexións do país non é a solución, pois deixaría millares de civís nunha situación de total vulnerabilidade perante os ataques que están a ocorrer noutras zonas do país. O despregamento das tropas europeas debe

combinarse cunha presión diplomática sostida até conseguir atinxir unha solución política que considere as causas subxacentes do conflito. A guerra na República Democrática do Congo comezou hai dez anos e cobrouse 5'4 millóns de vidas.

“As conversas da comunidade internacional non dan mostras de urxencia. Non obstante, é realmente urxente encontrar unha solución ao conflito. O mundo está a fracasar máis unha vez en aplicar a “responsabilidade de protexer” os civís inocentes do Congo”, comenta o portavoz de Oxfam.

Oxfam Internacional pide ao enviado especial da misión das Nacións Unidas, Olusegun Obasanjo, que unifique os esforzos de paz e encontre unha solución sostible a este prologando conflito.

**Máis información sobre a situación no Congo en:**

<http://www.intermonoxfam.org/emexencias>

As persoas que desexen facer unha doazón poden dirixirse a:

<http://www.intermonoxfam.org/es/paxe.asp?id=3412>

**902 330 331 e ás tendas de Intermón Oxfam**

Santander 0049-1806-92-2012020321

Caja Madrid 2038-8978-10-6000172112

Caixa Catalunya 2013 0500 12 0213849895